



Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Vigo para que *de conformidade co disposto na normativa de réxime local e de procedemento administrativo conteste expresamente o escrito presentado pola promotora deste expediente de queixa o 01/08/2023, se non o tivera feito na data en que recibira esta resolución e en xeral, no seu caso, os escritos presentados pola cidadanía*

Expediente: C.8.Q/15596/23

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2025

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX referente a inactividade do Concello de Vigo ante denuncias por molestias dun local con licenza de café-bar.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: En data do 09/11/2023 a promotora deste expediente formulou queixa ante a Valedora do Pobo, na que se indica esencialmente que:

Queja por la inactividad del Concello de Vigo en la tramitación de la solicitud de actuaciones de inspección y control del CAFÉ-BAR “Reposo” sito en XXX, presentada el 01.08.2023 (cód. solicitud W953522-6651).

Que por medio del presente escrito viene a formular QUEJA frente al CONCELLO DE VIGO por su inactividad en la tramitación de la solicitud de actuaciones de inspección y control del CAFÉ-BAR “Reposo” sito en XXX, formulada por quien suscribe el 01.08.2023 (cód. solicitud W953522-6651).

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe ao Concello de Vigo con data do 17/11/2023.

TERCEIRO.- No informe remitido polo ente local se fai constar literalmente o seguinte:

“Recibida denuncia presentada pola mercantil Estudios Mega S.L. no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo, esta Xerencia iniciou a tramitación das actuacións previas en materia de Disciplina Urbanística reguladas no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG) en relación coas denuncias recibidas polas molestias provocadas polos fumes e olores do local, situado na XXX, con referencia catastral 2360901NG2726S, denominado “REPOSO”. (Dilixencias previas 20705/423).

As actuacións previas teñen por obxecto que o órgano competente poida coñecer as circunstancias do caso, determinar as persoas presuntamente responsables, coordinar a súa actuación con outra administración competente para iniciar o procedemento cando proceda e, en función do seu resultado, decidir motivadamente sobre a conveniencia de iniciar o procedemento ou archivar as actuacións (artigo 378 do RLSG).

O resultado das actuacións de investigación practicadas é o seguinte:

Consultados os arquivos e o sistema informático desta Administración, o local conta con licenza de apertura para desenvolver a actividade (E-5408/78-6764/78) e cun recente cambio de titularidade a nome de XXX (expte. 45829/422).

Realizada visita de inspección o 27-06-2018 o Inspector Municipal comprobou que o local mantén tódalas características físicas do local primitivo, sen que no mesmo se realizaran obras de ningún tipo.

(..)”No relativo as molestias producidas por fumes ou olores sobre o local situado en posición superior, se comproba que a cociña existente no local e a mesma de sempre sen que se aprecie renovación de ningún tipo. Esta cociña dispón dunha campana extractora de gases, que ten saída o exterior a través de tubos de aluminio tipo “spiroflex”, que transcorren vertical e

horizontalmente polo falso teito do local cara o exterior -XXX- cara un rótulo publicitario desprovisto dalgunhas lamas que se atopa sobre a entrada do local.

Esta campana e sistema de tubos ten unha gran antigüidade sen que no mesmo non se realizara modificación algunha.(...)”.

Dado que o local ten licenza para desenvolver a actividade e toda vez que a queixa se centra nun problema de fumes e olores no seu negocio, en data 21.08.2018 déuselle traslado ao Servizo de Medio Ambiente de dito documento para o seu coñecemento e para a tramitación que corresponda segundo as competencias atribuídas a ese Servizo.

En data 02.05.22, a inspectora municipal emite o seguinte informe: “En relación a las denuncias recibidas con respecto a los humos procedentes del local situado en la XXX, se gira nueva visita de inspección el día 29 de abril de 2022 comprobando que el local permanece en las mismas condiciones que en las anteriores visitas, si bien el sistema de extracción y evacuación de los humos ha sido sustituido por un nuevo sistema que neutraliza los humos y los convierte en vapor evitando así los problemas de olores .(...)”

Os procedementos de protección da legalidade urbanística tramítanse polo Servizo de Disciplina Urbanística da XMU de Vigo en función da gravidade da infracción urbanística segundo a Lei do Solo de Galicia e, en función dela, a orde de prioridades establecida no Plan de Inspección do Concello de Vigo, aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo o 06.07.2015 (BOP de Pontevedra núm. 141, do venres 24 de xullo de 2015).

O Plan de Inspección Urbanística do Concello de Vigo establece unha totalidade de 8 graos de prioridade na tramitación de expedientes de disciplina urbanística, sendo o grao 1 o de maior gravidade. Segundo o dito Plan, a presunta infracción urbanística denunciada ten un grao 8 de prioridade na tramitación.”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA: A promotora deste expediente de queixa, documenta terse dirixido ao Concello de Vigo en data do 01/08/2023 por problemáticas diversas ocasionadas polo local denominado “Reposo”. Con data do 20/01/02025 comunica a esta institución que malia o tempo transcorrido non recibiu resposta algunha a dito escrito.

Obra incorporado a este expediente, copia da solicitude formulada o 01/08/2023 xunto co xustificante de presentación.

Nesa data, a promotora da queixa presentou solicitude (cód. núm. W953522-6651) ante a Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo para que realizase as pertinentes actividades de inspección e control do café-bar Reposo en XXX, comprobando se cumpre ou non a normativa que afecta ao desenvolvemento da actividade de bar para a que obtivo licenza no ano 1978 e se cumpre de igual modo os correspondentes requisitos legais e, iso, ao amparo do establecido no artigo 164 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

A promotora desta queixa ao exercer a súa actividade de centro de formación na planta superior do café-bar, está afectada, segundo refire, polos ruídos, fumes e cheiros provenientes do local denominado “Reposo”.

SEGUNDA: No informe remitido polo ente local se informa con relación ao período 2018-2022, é dicir, previo á presentación da reclamación da promotora deste expediente de queixa no concello, e non consta no mesmo, que por parte deste se lle dera resposta algunha.

A 20 de xaneiro do ano en curso a promotora da queixa comunica que non recibiu resposta do Concello de Vigo.

TERCEIRA: A persoa que presentou a queixa, afectada por cheiros, fumes e ruídos e está demandando a preservación de dereitos fundamentais, os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1) e á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), e tamén se reclama a preservación doutros dereitos constitucionais, como a protección da saúde (art. 43.1) e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2), polo que o cumprimento das obrigas da administración ten que ser rigoroso.

CUARTA: O artigo 103 da *Constitución Española* sinala que *a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito.*

Así, o marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio destes dereitos.

O artigo 53 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas* regula os “Dereitos da persoa interesada no procedemento administrativo”, entre eles: a) *A coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados (...).*

En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha resposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con prontitude e sen demoras inxustificadas.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Vigo o seguinte recordatorio de deberes legais:

“Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa de réxime local e de procedemento administrativo debe contestar expresamente o escrito presentado pola promotora deste expediente de queixa o 01/08/2023, se non o tivera feito na data en que recibira esta resolución e en xeral, no seu caso, os escritos presentados pola cidadanía”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Reciba un atento saúdo,



María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo (en funcións)